

PREGUNTA ORAL SOBRE A CONTRADICIÓN NA EXTERNALIZACIÓN DA XESTIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Integrantes do Goberno municipal de Compostela Aberta cuestionaron, en reiteradas ocasións, o contrato de servizos para a xestión dos expedientes sancionadores -por infracción de diversas ordenanzas municipais- asinado no ano 2014.

Entendían os concelleiros do Goberno de Compostela Aberta que a participación dunha empresa privada na tramitación dos expedientes se orientaba a que se inflasen as contías das sancións.

Aínda que tal hipótese chocaba co feito de que dos expedientes se responsabilizan funcionarios públicos, diversos integrantes do goberno municipal insistiron naquela maliciosa ocorrencia. Curiosamente, malia ter insistido na demonización dunha colaboración externa, o actual Goberno aprobou o expediente de contratación CON/62/2016, substancialmente idéntico ao anterior.

No pleno de xuño de 2017 fíxoselle unha pregunta ao Goberno municipal para coñecer por que -se entendía que a contratación dunha empresa implicaba un risco de que se inflasen as sancións- procedía entón á contratación ou externalización dos servizos para a xestión de expedientes sancionadores. O Goberno deu entón unha resposta que non se axustaba á realidade: afirmou que "*nos expedientes de urbanismo*" -externalizados no ano 14- "*o tipo de sanción que manexaban movíase en franxas de diferenzas de miles de euros*" e que os expedientes sancionadores de medio ambiente e tráfico externalizados polo Goberno de Compostela Aberta "*están absolutamente reglados*". Tal resposta foi falsa. Primeiro, porque as contías dos expedientes sancionadores relativos aos servizos comunitarios e a medio ambiente tamén son o resultado de concretar un tramo ou unha escala moi ampla -de miles de euros nalgún caso-, escala que figuraba nas normas de referencia do proceso de externalización, como eran, por exemplo, a Lei de Emprendemento de Galicia (no seu artigo 58) ou a Ordenanza de Convivencia (no seu artigo 97), (tal e como se reflicte nas imaxes adxuntas); e, segundo, porque ese proceso de concreción responde aos mesmos elementos regrados no caso dos expedientes de urbanismo que no caso dos expedientes de servizos comunitarios e medio ambiente.


Agora, o Goberno de CA está a externalizar a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano (que non responden sempre e indefectiblemente a unha contía fixa) "*e calesquera outras infraccións nos ámbitos da seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios*" que, como quedou dito e se reflicte nas imaxes adxuntas, esixen a concreción de contías entre amplas marxes normativas.




Así as cousas, cabe formular a seguinte pregunta:

Por que se o Goberno entende que a contratación dunha empresa implica un risco de que se inflen as sancións, o Concello procede á contratación ou externalización dos servizos para a xestión de expedientes sancionadores nos que se debe concretar unha contía entre amplas marxes, e por que esa externalización afecta ao departamento que dirixe don Xan Xesús Duro e non afecta ao departamento que dirixe don Jorge Duarte?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018



Alejandro Sánchez Brunete
Concelleiro do Grupo Popular



ANEXO DE IMAXES

LEI DE EMPRENDEMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO
LEGISLACIÓN CONSOLIDADA

Artículo 56. Procedimiento.

1. Las infracciones previstas en la presente ley serán objeto de las sanciones administrativas correspondientes, previa instrucción del oportuno procedimiento tramitado conforme a lo establecido en el capítulo II del título IX de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, y las disposiciones que lo desarrollen.

2. Iniciado el procedimiento sancionador, podrán adoptarse, de forma motivada, las medidas de carácter provisional que resulten necesarias para evitar que se produzcan o mantengan en el tiempo los perjuicios derivados de la presunta infracción.

Artículo 57. Competencia para sancionar.

1. Corresponde a los ayuntamientos la competencia para incoar, instruir y resolver los expedientes sancionadores por la comisión de las infracciones previstas en la presente ley, salvo en todo lo relativo a las entidades de certificación de conformidad municipal y a sus actuaciones, que corresponderá a la consejería competente en materia de seguridad industrial, sin perjuicio de que pueda delegarse en los ayuntamientos alguna de ellas.

2. En los términos que establece el artículo 4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, los órganos administrativos de cualquier administración pública deben facilitar al instructor del expediente sancionador la documentación necesaria así como los medios materiales y personales que requiera el desarrollo de la actividad.

Artículo 58. Sanciones.

1. Las infracciones leves serán sancionadas con multa de hasta 300,51 euros.

2. Las infracciones graves podrán ser sancionadas alternativa o acumulativamente en los términos previstos salvo que resultaran incompatibles con:

- Multa de 300,52 a 30.050,61 euros.
- Suspensión o prohibición de la actividad por un periodo máximo de un año.
- Clausura del local o establecimiento por un periodo máximo de un año.
- Retirada de la autorización de entidad de certificación de conformidad municipal por un periodo máximo de un año.

3. Las infracciones muy graves podrán ser sancionadas alternativa o acumulativamente en los términos previstos salvo que resultaran incompatibles con:

- Multa de 30.050,62 hasta 601.012,1 euros.
- Clausura del local o establecimiento por un periodo máximo de tres años.
- Suspensión o prohibición de la actividad hasta tres años.
- Retirada de la autorización de entidad de certificación de conformidad municipal por un periodo máximo de tres años.

4. La cuantía de las sanciones económicas previstas en los apartados anteriores podrá ser actualizada por la Xunta de Galicia en función de las variaciones del índice de precios al consumo.

Artículo 59. Graduación.

1. Las sanciones deberán guardar proporcionalidad con la gravedad de los hechos constitutivos de la infracción y se graduarán atendiendo a los siguientes criterios:

- La trascendencia social de la infracción.
- La negligencia o intencionalidad de quien realice la infracción.
- La naturaleza y cuantía de los perjuicios ocasionados.
- La existencia de reiteración o reincidencia.
- La situación de predominio de quien realiza la infracción en el mercado.
- La conducta observada por quien realiza la infracción en orden al cumplimiento de las disposiciones legales.

ORDENANZA LOCAL DE CONVIVENCIA



Normativa xeral

Página 61

f) Incumplir os condicionantes sinalados na autorización para a entrega ao depósito de residuos privados á empresa concesionaria do servizo.

TÍTULO III: SANCIONS

ARTIGO 97.- SANCIONS

1.- As infraccións tipificadas consonte o disposto no título anterior serán sancionadas:

- As leves, con multa de ata 750 euros
- As graves, con multa de 751 a 1.500 euros .
- As moi graves, con multa de 1.501 a 3.000 euros

2.- Ao abeiro do artigo 31.3.b) da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, as infraccións consistentes en depositar, abandonar, verter ou eliminar, de forma incontrolada, e o incumprimento das normas de depósito e xestión sinaladas nesta ordenanza para as diferentes tipoloxías de residuos municipais, poderán ser sancionadas con multas de ata 30.050,60 euros. Así, a cualificación polo órgano sancionador dunha infracción como leve será sancionada con multa de ata 750 euros, a grave con multa de 751 a 6.010,12 euros, e as moi graves con multa de 6.010,13 a 30.050,60 euros.

ARTIGO 98.- GRADACIÓN DAS SANCIONS

As sancions imponse atendendo aos seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, no termo dun ano, na comisión de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarada por resolución firme.
- A intencionalidade.

Aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 28 de decembro de 2006. (BOP da Coruña do 17 de febreiro de 2007). Modificada por acordo do Pleno da Corporación o día 23 de decembro de 2008. (BOP da Coruña do 17 de abril de 2009)

